

O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

O vindeiro domingo, 19 de xullo, coincidindo coa asemblea trimestral, vaise sega lo centeo que sementamos este ano. En setembro está prevista a malla, e despois faremos unha moenda nos muíños restaurados.

Recentemente a Directiva da Asociación Cultural propuxo, como forma de revitalizar esta publicación que *O Casino* se convertese en órgano de difusión de tódalas entidades do pobo: a propia Cultural, a Comunidade de Montes, a Comunidade de Augas e a Veciñal. De forma que calquera membro destas asociacións que teña algo que contar ou do que informar pode facelo a través deste boletín.

Para empezar podemos decir que o proceso de legalización da Asociación Veciñal "A Malladoura" de Couso xa rematou, e foi elixida unha nova directiva composta polas seguintes persoas:

Presidente: Juan Carlos Carballido Carballido

Vicepresidente: Manuel Giráldez Represas

Secretario: José Luis Gómez Reboiro

Tesoureiro: Nemesio Carballido Carballido

Vogais: Pablo Carballido Carballido

Celsa Bargiela Bargiela

Eugenio Bugarín Rodríguez

José Giráldez Represas

Ernesto Groba Alonso


Eles son os que se encargarán das cuestións referidas ás infraestructuras e outras necesidades do pobo.

No tocante á Cultural seguimos adiante co proxecto de sendeiro, xunto con

representantes de Picoña, Cans e San Xurxo. Houbo algúns retrasos porque temos que refacer o anteproxecto, xa que o anterior non contemplaba as condicións que esixe a Federación Galega de Montañismo para a homologación do sendeiro, e teremos que pedir unha prórroga, pero contamos con que estea feito antes do final do ano.

Tamén seguimos loitando co tema das antenas, tanto a de telefonía móbil, xa instalada pero aínda non operativa, como a de Wimax, pendente de instalación.

Compre, finalmente, facer unha nova chamada á colaboración no Casino e á participación nas actividades, ben nas que se organizan ou proponendo outras que vos parezan axeitadas.



Neste exemplar:

- 1** Limiar
- 2** Programación trimestral
- 3** Receitas (por Montse Groba) • As herbas de San Xoán (por Montse Groba)
- 4** En homenaxe a Jaime (por Mari Carballido)
- 5** Sinxelamente "un home distinto" (por Pablo Carballido)
- 8** Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

3º TRIMESTRE 2009

Sega do centeo



Xa está listo o centeo para a sega.

Domingo, 19 de xullo, a partir das 9:00 horas

Setembro, en día e hora a determinar

Malla e homenaxe aos maiores



Continuamos o ciclo coa malla do centeo e aproveitamos para celebrar a homenaxe aos maiores. Previamente organizaremos un obradoiro de construción de mallos.

Excursión



Estamos a preparar unha excursión en autobús a algún lugar da nosa xeografía

Setembro, en día e hora a determinar

Receitas

ARROZ CON BOGAVANTE



Si este verán queres sorprenden os teus amigos ou a tua familia prepáralles un exquisito Arroz con Bogavante.

Ingredientes principais:

- 2 bogavantes de 450 gr
- 350 gr. de arroz
- 2 chalotas
- Viño branco
- 1 dente de allo
- 2 tomates
- 1 porro
- 1 rama de pirixel
- Aceite de oliva
- Sal
- Pementa

Para preparar a receta de Arroz con bogavante:

- Separar as cabezas dos bogavantes e machacalas sacando todo o líquido posible.
- Rehogar as cabezas en aceite e añadir o porro picado e os tomates picados.
- Mollar con viño branco e reducir, cubrir con auga e ferver 30 minutos.
- Nun recipiente a parte, pochar a chalota e o allo picado, añadir o arroz e rehogar.
- Mollar co caldo de bogavante e ferver durante 12 minutos.
- 2 minutos antes de terminar a cocción do arroz añadir os

bogavantes cortados en rodaxas e as pinzas.

- Dar o último fervor, salpimentar e servir.

Montse Groba

AS HERBAS DE SAN XOAN

As tradicións populares non asumidas polo cristianismo foron combatidas por Martiño Dumienese, obispo de Braga no s. VI, máis non puido impedir que herdáramos costumes como a de ir á por auga emanada de sete fontes para face-lo cacho. O cacho consiste en recoller herbas e plantas de eficacia medicinal e aromáticas, o seu agradable cheiro e repudiado polos espíritos maléficos. A tradición oral insiste en que o cacho serve para quitarnos o demo do corpo, alonxa as bruxas e cura á envexa.

Hai varias clases de herbas que se utilizan para isto, sendo as máis recoñecidas as seguintes: Tromentelo, follá de caná, choupo

(ollo de prata), ruda, herba luisa, manzanilla, ortelán, mildrastes, fiunchos (ánises), herba de san Xoán, espádaina, puenso, herba lemoná, lirio, romeo, ourego, loureiro, allo, rosas, follas de nogueira con tres noces, fento rizado (peineta), herba do Carme, silveira, follá de figueira, follá de olmo, follá de laranxeira, malva-rosa, hortensiá, follá de viña branca e outras.



Seleccionadas as herbas, amárranse nun feixe ou mollo e colócanse nunha tina, caldeiro ou palanganá cheas de auga. Déixanse forá pola noite, segundo crencias cristiánas, para que San Xoán os bendiga, pero iso non é óbice para colocar uns cardos ou silveiras enriba do cacho e así evitar que o demo cague nel. Tamén hai quen lle votaba chavos.

Montse Groba

"EN HOMENAXE A JAIME"

Os recordos as veces fannos rir outras veces non tanto, pero quero facer un homenaxe o home, rapaz, meniño, amigo e gran veciño Jaime

¿Quén non recorda a Jaime? Todos o que o coñecemos endexamais os esqueceremos del, fíxonos rir coas súas tolerías que perdurarán no noso recordo.

¿Quén non recorda a Jaime? O seu andar, dos pasos para diante, un paso atrás e unha volta a cachota.

¿Quén non recorda a Jaime? Os seus disfraces por Carnaval

¿Quén non recorda a Jaime? Entrando pola cociña e sentarse unha cadeira como un membro mais da familia

¿Quén non recorda a Jaime? Nos seus cumpre anos (nos seus tempos mozos) pois ultimamente xa non o celebraba, coa súa botella de anís invitándonos a unha copíña

¿Quén non recorda a Jaime? A súa frase "Eres un maestro"

¿Quén non recorda a Jaime? Ir a Pontearreas coa súa bolsiña azul e ás veces oír berrar a súa nai xa ven cediño para que se fose limpo.

¿Quén non recorda a Jaime? Ir a misa os domingos que por certo as veces mareaba o crego pois cada dúas por tres quería confesar

¿Quén non recorda a Jaime? Tomar o seu Vaso de auga na cultural e se caía algunha cervexiña moito mellor

¿Quén non recorda a Jaime? Algún que outro veciño molestábanlle as súas tolerías pero diría eu que ese algún poida ser que estivera máis tolo ca el pois Jaime non deixaba de ser un enfermo.

¿Quén non recorda a Jaime? Facer angazos no camiño e algunha vez que outra o pasar con coches temelo pinchazo algunha roda pero era Jaime.

¿Quén non recorda a Jaime? Os seus berros no camiño, gustáballe moi pouco traballar era un pouco folgazán ou iso era o que pensábamnos todos pois o que pasaba pola súa cachola vai ti saber.

¿Quén non recorda a Jaime? Todos o que o coñecemos temos un sorriso cando o recordamos pois non merece outra cousa ca un sorriso pois aínda nos tempos nos que estaba mais maliño non deixou de sorrirnos.




“ Jaime cun sorriso
 Sempre te vou recordar
 Por lonxe que te foras
 Os recordos perdurarán
 E os fillos, eide contar
 Os momentos xeniais
 Que xuntos puidemos pasar.”

Mary Carballido.

SINXELAMENTE “UN HOME DISTINTO”

O día 31 de Xaneiro de 2.009 fóisenos para sempre Benigno, como consecuencia da enfermidade e da idade.

Benigno ou o “ Jefe dos Rapaces de Couso” como un bo día o alcumara Miguel, era coñecido por todos, especialmente por aqueles que formábamnos aquela familia de rapaces e amigos, que día tras día e sobre todo sábado tras sábado e domingo tras domingo íamos a tomar café o chiringuito da cultural.



Benigno polo seu dinamismo, pola súa forma de ser distinta a dos demais, pola súa forma de facer amigos, rapidamente entrou a formar parte de esa familia, da que chegou a ser un membro mais. Pero Benigno era un membro distinto, e digo era distinto porque xamais ninguén o poderá igualar, a pesar da súa idade, Benigno era capaz de estar connosco ata a madrugada, era capaz de ir a pedir para unha festa ou ir de cea un sábado a noite, pero o que mais lle

gustaba era estar no chiringuito da cultural tomándose unha cervexa cos amigos, sentado encima daquel banco vello vernizado colocado debaixo do taboleiro de anuncios, o seu recuncho preferido. Dende ese recuncho Benigno nos contaba as súas andanzas en Venezuela, as súas andanzas na Forestal, as súas andanzas de cando era novo, os seus contos coma o “das rosquillas”, e tamén nos cantaba as súas cancións, como a de “Tengo mi caballo preso” e nos sentados arredor o escoitabamos con entusiasmo

Por eso querido Benigno, sempre estarás con nos. En todas e cada unha das nosas actividades o teu recordo nos fará máis fortes e decididos. Aquelo o que ti contribúeche ata chegar o día de hoxe ten a seguridade de que non o deixaremos caer.

E agora que iniciaches unha nova viaxe cara algún sitio novo, a nos solo nos corresponde, dende a amizade e o cariño, desexarche que teñas unha boa viaxe, como lles corresponde a os homes de ben.

Descansa en paz, amigo Benigno, e ata sempre padriño.

Pablo Carballido

Actividades realizadas



O domingo, 17 de maio, Montse organizou, como ven sendo habitual, unha exposición coa vida e obra de Ramón Piñeiro, o homenaxeado no día das Letras Galegas, 2009.



Continuouse co obradoiro de primeiro achegamento á informática, a cargo de Montse Groba, para aquelas persoas que, aproveitando a aula multimedia, desexen aproximarse ás posibilidades da informática.



Fixemos a sacha do millo branco o pasado 7 de xuño, domingo.



O - Comburant

O martes, 23 de xuño, celebramos a fogueira de San Xoán.